



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN PARA OS SUPOSTOS DO ARTIGO 15.2 E 15.3 DO TRET, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 E FIXACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPTE TEDEC: 2024/E001/000004

DATA DE PUBLICACIÓN NO TAOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 15 DE XULLO DE 2024.

De conformidade co disposto na Base 6ª da convocatoria de probas selectivas, para a provisión en propiedade, mediante o sistema de oposición, de dous oficiais do Servizo de Augas e a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación para os supostos do artigo 15.2 e 15.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, faise público o Decreto da Alcaldía de data 12 de xullo de 2024, mediante o cal se aproba a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no procedemento de selección e se convoca aos aspirantes admitidos para a realización dos exercicios da oposición, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN PARA OS SUPOSTOS DO ARTIGO 15.2 E 15.3 DO TRET. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 E FIXACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPTE.: 2024/E001/0000004

Considerando que mediante Decreto da Alcaldía núm. 287/2023 do 09/04/2024 procedeuse a aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Camariñas para o exercicio 2024 e que a mesma foi obxecto de publicación no BOP núm. 74 de data 16/04/2024, establecendo na mesma os seguintes postos de traballo:

Núm. de prazas	Denominación da praza	Grupo laboral	Cod. RPT	Sistema de acceso
2	Oficial Servizo Augas	5	4116	Oposición

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 387/2024 de data 10/05/2024, rectificado mediante Decreto 395/2024, de 14 de 2024, procedeuse a aprobar as bases que rexen na convocatoria de selección de dúas prazas de oficial do servizo de augas vacantes no cadro de persoal laboral do



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Concello de Camariñas (A Coruña), correspondentes á Oferta de Emprego Público 2024, como persoal laboral fixo.

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 97 de 21/05/2024 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio extracto da convocatoria no BOE núm. 138 de data 07/06/2024.

Visto o informe asinado polo encargado do Rexistro do Concello de Camariñas, en data 5 de xullo de 2024, do que resulta que para o proceso de selección de dous oficiais do servizo de augas e a elaboración dunha bolsa de emprego, presentáronse os seguintes rexistros:

Número de rexistro	Data	Interesado
202400000001693	10/06/2024	Sar Villar Jesús, Manuel
202400000001713	12/06/2024	Ameijenda Suarez, Valeriano
202499900000526	30/06/2024	Bermúdez Tajés, Evaristo

Considerando que o prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado e que dito anuncio foi publicado en data 7 de xuño de 2024, o prazo remata o 27 de xuño de 2024.

Visto que en data 5 de xullo de 2024, mediante Decreto 559/2024, foi aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas, concedendo aos interesados un prazo de 3 días hábiles dende a publicación para que poidan subsanar a exclusión ou alegar a omisión.

Visto que finalizado o antedito prazo non foron presentadas subsanacións ou alegacións de omisión á lista provisional, revisadas as mesmas e de conformidade co disposto na lexislación vixente e e nas Bases 5ª e 6ª da convocatoria, e tendo en conta as facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no procedemento de selección de dúas prazas de oficial do servizo de augas vacantes no cadro de persoal laboral do Concello de Camariñas (A Coruña), correspondente á oferta pública de emprego do ano 2024 (código RPT 4116),

Admitidos:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	PERMISO CONDUCI	XUSTIF. PAGO	CELGA
------	-----------------	-----	--------------------	-----------------	-------



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

			R	TAXAS	
1	SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	***3855**	SI	SI	NON
2	AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	***6436**	SI	SI	SI

Excluídos:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
1	BERMÚDEZ TAJES, EVARISTO	***7700**	Presentación fora de prazo

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo.- Que o Tribunal se reúna para a súa constitución o día 19 de xullo de 2024, ás 8:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello (praza de Insuela, núm. 57 – Camariñas).

Terceiro.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo día 19 de xullo de 2024, ás 9:00 horas, na nave municipal de Xaviña (Lugar Cruceiro, s/n, Xaviña - Camariñas), para a realización das probas da oposición previstas na base 8ª da convocatoria, 1º exercicio – Exame Tipo Test, que será obxecto de avaliación segundo os criterios fixados na mesma base 8ª da convocatoria.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes que superen/aproben o primeiro exercicio para o mesmo día 19 de xullo de 2024, ás 11:00 horas, na nave municipal de Xaviña (Lugar Cruceiro, s/n, Xaviña - Camariñas), para a realización das probas da oposición previstas na base 8ª da convocatoria, 2º exercicio – Exame práctico, que será obxecto de avaliación segundo os criterios fixados polo tribunal cualificador que resultan da acta deste, asinada en data 12 de xullo de 2024 e que será obxecto de publicación co presente decreto.

Quinto.- Convocar aos aspirantes que superasen as dúas probas anteriores e non acreditaron estar en posesión do título CELGA1 ou equivalente, para o próximo día 19 de xullo, ás 12:30 horas, na nave municipal de Xaviña (Lugar Cruceiro, s/n, Xaviña – Camariñas), para a realización das probas da oposición previstas na base 8ª da convocatoria, 2º exercicio – Coñecemento da lingua galega.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración dos exercicios na mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración de cada un deles. De non ser posible e/ ou así acordalo o tribunal se celebrarán na xornada seguinte ou seguintes, deixando transcorrer neste caso un prazo/tempo mínimo de 24 horas entre cada exercicio..



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impidira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes nos exercicios levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra “H” conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2024 (DOG número 29, de data 9 de febreiro de 2024).

Sexto.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Septimo.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde en funcións, don Sergio Caamaño Fernández, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.